

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

71 ESPECIALISTAS REMATAN A SÚA FORMACIÓN COMO RESIDENTES NA ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA

- O acto de despedida tivo lugar esta mañá no Hospital Clínico e foi presidido pola xerente, Eloína Núñez Masid

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2022.- A Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza celebrou esta mañá o tradicional acto de despedida aos 71 especialistas que rematan o seu período de formación como residentes nos distintos centros da área, nun acto que se desenvolveu no salón de actos do Hospital Clínico.

A xornada, que tivo lugar ás 12.00 horas, estivo presidida pola xerente da área sanitaria compostelá, Eloína Núñez Masid, acompañada pola directora de Enfermería da área sanitaria, Victoria Carral, o xefe de estudos e presidente da Comisión de Docencia do CHUS, Rogelio Leira, o xefe de estudos da Unidade Docente de Medicina Familiar e Comunitaria, Sergio Cinza e o Decano da Facultade de Medicina da USC, Julián Álvarez.

En total son 71 os residentes que rematan a súa formación nos centros da área compostelá en 30 especialidades: Hoxe remataron: 4 de anestesioloxía, 2 residentes de cirurxía xeral e do aparato dixestivo; 2 de aparato dixestivo, 1 de dermatoloxía; 1 de farmacia hospitalaria; 1 de hematoloxía e hemoterapia, 1 de medicina física e rehabilitación, 1 de medicina intensiva, 2 de medicina interna, 1 de medicina nuclear, 1 de medicina preventiva e saúde pública, 1 de microbioloxía e parasitoloxía, 1 de nefroloxía, 1 de pneumoloxía, 1 de neurocirurxía, 2 de neurofisioloxía clínica, 1 de neuroloxía, 2 de obstetricia e xinecoloxía, 2 de oftalmoloxía, 1 de oncoloxía médica, 1 de oncoloxía radioterápica, 2 de otorrinolaringoloxía, 6 de pediatría, 1 de psicoloxía clínica, 2 de psiquiatría, 2 de radiodiagnóstico, 1 de radiofísica hospitalaria, 1 de reumatoloxía, 1 de uroloxía, 1 de análises clínicas e 1 de anatomía patolóxica, 11 de medicina familiar e comunitaria, 4 enfermería de Atención Familiar e Comunitaria, 2 de enfermería pediátrica e 1 de enfermería de saúde mental.

Para eles houbo palabras de recoñecemento e agradecemento por parte dos representantes que asistiron ao acto de despedida. A xerente da área, Eloína Núñez, felicitou e agradeceulle aos novos especialistas o seu traballo nos centros, sobre todo nestes anos de pandemia e incidiu ademais na "importancia de humanizar a nosa profesión, de coidar ao paciente. Non esquezades que para ser bos profesionais hai que empatizar co enfermo. Escoitalo e coidalo, amais de curalo". A doutora Núñez, rematou a súa intervención desexando sorte e éxito no persoal e no profesional aos asistentes.

A área sanitaria de Santiago e Barbanza conta con centros de referencia tanto a nivel asistencial como docente e investigador. É unha área que ten unha antiga e estreita relación coa Universidade de Santiago de Compostela e unha gran tradición na formación de excelentes profesionais. Ten acreditación para todas as especialidades e forma, cada ano, 300 residentes de distintos anos en diferentes servizos. Hoxe remataron a súa formación 71 novos especialistas. **Saúdos**